

O humor na poesía popular galega

XULIO CUNS LOUSA*

Poesía popular é aquela que non está asinada por ningúen nin se sabe quen foi o autor. E digo foi porque o normal é que se veña transmitindo dunhas persoas a outras de forma oral e que os máis vellos do lugar as deprendieran doutros que xa eran vellos cando eles novos.

Se algún día chegara a facerse unha análise profunda verbo desta manifestación popular —que non vulgar, inda que, nalgúns casos concretos, se cheguen a confundir ámbolos dous conceptos—, dicía, manifestación popular poética, anque outra categoría non tiver, habería que considerar a que a antigüidade outorga. E non o digo no sentido do aserto militar de que a antigüidade é un grao, senón no de que as cousas que moi duran algo bo teñen que ter.

Pero deixando á parte as anteriores disquisiciones hai que recoñecer que toda poesía popular ten o mérito de reflexar, dun xeito fide-digno, o carácter do pobo que a creou.

Sabemos que o pobo, como tal, non fai poemas. Esa poesía anónima alguén a fixo. O autor é inédito, pero ten autor e ó ser moitas as poesías son moitos os autores e aquí é cando chegamos ó *pobo*, ese feixe de persoas que teñen nome pero non sabemos cal corresponde a cada un; que teñen rostro pero, como están de costas a nos, non lles vémo-la faciana; que todos falan, berran ou cantan a un tempo e non podemos distinguir a voz de cada un e que se calaran de súpeto produciríase o arrepiante estrondo do silencio. Ese é o pobo, soberano para uns, populacho para outros. ¿Por que os autores desas poesías non as asinaron? ¡Calquera sabe! Poden ser moita-las razóns. Sabemos quen é o autor dun traballo literario cando este se publica. ¿Cantos neste país teñen o privilexio de que lles publiquen algo? Iso agora. E ¿hai douscentos anos?

Algúns deses poderían chegar a ser famosos se tiveran a oportunidade de demostrarlo, pero non é doado para un poeta atopa-la comprensión e recoñecemento entre o círculo de xente en que se desenvolve como non sexa en grandes cidades ou no seo dunha familia moi culta e con afeccións literarias. Fóra dese ambiente o normal é que ós poetas os teñan por tolos ou, cando menos, por raros.

Hai que supor que poucas destas poesías populares chegarían ata nos tal como foron feitas, tal como saíron do caletre daquel que as inventou. Nesa transmisión oral de anos e anos tivo que haber modificacóns; alguén que suprimiu algo, outro que lle engadiu o que tivo a ben, aquel que, para adaptala a certa circunstancia, modificou o sentido, que a acoplou a unha música para convertila en cantiga. A demostración está en que a mesma poesía ómola en distintas zonas do noso país con certas variantes pero sen perde-la súa esencia, conservando o seu celme.

Sen dúbida moitas delas mellorarían neste rodar a través do tempo e outras quen sabe o que perderían maltratadas por quen non sabía más. Pero elas son tal como as coñecemos e o seu encanto téromo na súa sinxeleza enfeitadora, esa sinceridade que amosan as cousas desprovistas de ambaxes e ouropeles cos que moitas veces se pretende envurullar algo que por si só non ten moita consistencia.

Pois ben, se a esta poesía popular lle engadimos unha música tamén popular, chegamos á canción folclórica dun país, no sentido literal desta expresión e non no peyorativo que tanto se emprega.

Nun xornal (1) leo un pequeno e bonito artigo firmado por César de la Lama no que comenta que alguén lle enviou un libro por correo, sobre os cantares españoles más populares, recopilados polos irmáns Drago e,

* Xulio Cuns Lousa, betanceiro, foi redactor de *El Eco de las Mariñas*, membro da Asociación Cultural "Candilejas", a Coral Polifónica de Betanzos, etc. Traduceu ó galego e publicou dúas obras de Rabindranath Tagore. É autor, en colaboración, do libro *Alcumes recollidos en Betanzos*, así como do titulado, *O que non quedou no protocolo*. É secretario e asesor do Anuario Brigantino.

(1) LA VOZ DE GALICIA do 2 de setembro de 1991.

máis adiante, di: *En este librito encontré más canciones tristes que alegres. La canción tiene su origen en el verso. Y el verso nace del sentimento que pone a flor de piel la tristeza. La canción del hombre del pueblo como la del poeta, es casi siempre la expresión de un dolor.*

Vese claro —porque ademais xa o di— que ese home está a se referir á canción española ou sexa á que está escrita no idioma español ou castelán. E, sendo así, ten toda unha razón porque a poesía popular española, a canción popular española é moi seria no sentido en que se lle aplica á palabra seriedade o significado antitético da alegría, da ledicia, do humor ou da comicidade.

Inda que me amose pesado quero facer fincapé no do idioma xa que, en España, conforme á xeografía política hai zonas nas que se falan idiomas distintos do español ou castelán, como son o euskara, o catalán, o galego e outros de menor entidade, e así atopámonos coa paradoxa de que os vascos, os cataláns, os galegos, etc., somos todos españoles, pero falando da poesía ou das cancións destas xentes ou destes países, non son españolas. Xamais vin nunha antoloxía de *poesía española* —tanto popular como de autor ou culta— un poema escrito en catalán, en galego ou euskara, sen embargo veñen outros de escritores extranxeiros: arxentinos, chilenos, cubanos, etc.

O mesmo podemos dicir da música. Se se fala de *música española* todo o mundo entende flamenco ou calquera outra música baseada en temas andaluces, madrileños ou aragoneses. Se a esa música se lle pon letra, esta é en castelán. Non oíñ dicir a ninguén que a sardana, o zortziko ou a muiñeira foran música española. Cando floreceu o nacionalismo musical en todo o mundo, en España destacaron tres músicos: Falla, Albéniz e Granados, os dous últimos nados en Cataluña e o primeiro en Cádiz, pero con ascendencia valenciana. Toda ou case toda a música dos tres se identifica como andaluza.

Igual ocorreu co cine. Dende que se fixeron as primeiras películas en España ata que pasaron moiísimos anos os temas delas eran de ambiente andaluz e tratamiento folclórico da zona, con argumentos mormente trágicos e, para humanizalos, zarrapicábanos con chistes a cárrego do cómico, que case sempre ou sempre era Miguel Ligerio. A estas películas chamábaselles españolidas no sentido máis

despectivo.

Como o tema deste traballo é a poesía popular galega pido que se me entenda e que se me permita que, cando me refira á poesía ou, en xeral, á literatura *española*, sexa aquela que está escrita en castelán, e que cando me refira ás xentes ou persoas *españolas* se me entenda que son aquelas que falan, len e escriben en língua española ou que, de calquera maneira, están influidos pola cultura dimanante deste idioma, dentro do territorio español.

Todo iso quero deixalo ben sentado para evitar errores interpretativos e non ferir susceptibilidades.

CIRCUNSPECION:

Retomando o fío da cuestión que nos ocupa, estabamos a dicir que a canción popular española é seria e, en moitos casos, dramática ou triste como ben dicía César de la Lama, pero isto é a consecuencia do carácter do *español* que é moi serio, moi dramático e, en moitas ocasións, triste. E esta non é unha característica de hoxe. Polo que podemos observar é de sempre. Non hai máis que mirar os cadros dos grandes pintores españoles e incluso extranxeiros establecidos en España, coma o Greco, para comprobar o serios que están aqueles señores, reis, nobres, políticos, cabaleiros e damas de tódolos estamentos sociais dalgunha importancia. Soamente os bufóns, os tontos e os bêbedos aparecen sorrindo.

O español adopta, polo menos en público, posicións moi serias que, en moitos casos, chegan a ser adustas, mesmo túzaras. Porque o español é apaixonado, extremista, non admite termos medios. Estás con el ou contra del. Conforme os galegos temos tantas frases para non determinarmos: *ti xa ves, que queres que che diga, xa veremos, podería ser*, etc., os casteláns sempre din si ou non como Cristo nos enseña, en palabras do catecismo do Padre Astete.

A seriedade non é ningún defecto pero tampouco hai que sublimala. Unha persoa pode ser seria nos seus tratos, nos seus negocios, no seu traballo e ter un sorriso nos beiros, unha ollada amable, unha frase afectuosa, un aceno cordial.

Non se pode considerar contrapostos a SERIEDADE ó HUMOR, á SIMPATIA, á GRACIA. En calquier diccionario podemos ler as seguintes acepcións da palabra SERIO: 1.

Dise da persoa de carácter grave e reflexivo. 2. De aspecto e conducta severa. 3. Formal, íntegro. 4. De importancia (é un asunto serio).

Hai dous adaxios anónimos que firmaría calquer bo escritor, calquer bó filósofo:
O HUMOR É ALGO MOI SERIO.
POUCAS COUSAS LIBERAN MELLOR O ESPÍRITO DO SER HUMANO QUE A RISA.

Como antónimos ou contrarios ó HUMOR pódense considerar a ACRITUDE ou a ADUSTEZ, sen que teñan nada que ver coa seriedade. Hai unha acepción vulgar, non técnica, da palabra *serio*, que a asimila a *aquel que non ri*, pero está totalmente equivocada. Aquel que non ri é porque está amargado, resentido, apenado, triste, doído, afixido, atormentado; porque padece tristura, anguria, agonía, ansiedade, aflicción, en fin, algúns mágooa.

GRAVIDADE, SERIEDADE, IMPORTANCIA:

Tres sinónimos dun concepto moi admirado pero bastante mal entendido. Hai xente que, cando non entende algúns cousas, para disimular a súa ignorancia ponse a caraute da seriedade, pensando que esa é unha forma de quedar ben porque o aspecto grave sempre farda. A ese feito, a esa reacción para disimular a falta de entendemento, oírle chamar –e non sei a quen– *seriedade asnal*. Efectivamente, así o burro colleu fama de filósofo.

De seguro que estas ou parecidas disquisiciones foron as que levaron a Schopenhauer a dicir que: *Humorismo é a seriedade envolta na broma*. Penso que podemos apostillar: E non tapada cunha máscara.

Pero non foi o anterior filósofo o único que se determinou neste sentido. Anton Chejov dixo: *Non pode ser fermoso o que é grave*. Voltaire: *Unha gravidade contínua no é más ca unha careta da mediocridade*. Montesquieu: *A gravidade é o senso dos tontos*. William M. Thackeray: *Un sorriso é un raio de sol na faciana*. Napoleón: *Do sublime ó ridículo non vai más ca un paso*.

A última frase citada, atribuída a Napoleón, vexamos o tratamento que recibe nun conto inglés:

Nun departamento do tren, no que viaxáu un inglés moi serio e parco en palabras, entra un francés moi comunicativo e paroleiro. Este

intenta latricar co inglés pero o británico non contesta más que con monosílabos e sen deixar dúbida de que quere corta-la conversa. Entón o francés recorre ó sistema de gabar a Inglaterra e ós ingleses, pero o outro só contesta:

- Oh, yes.
- O parlanchín non se desanima e segue:
- Porque Inglaterra é moi fermosa.
- Oh, yes.
- Ten un magnífico imperio colonial.
- Oh, yes.
- Inglaterra é extraordinaria na faceta industrial e no seu comercio, sería na fabricación dos seus produtos e nos compromisos comerciais.
- Oh, yes.
- Inglaterra é sublime.
- Oh, yes.
- Claro que do sublime ó ridículo non hai más que un paso.
- Oh, yes. O de Calais.

A INFLUENCIA DA IGREXA

Nun principio a relixión cristiá tiña unha mensaxe moi esperanzadora. Sen perder as ocasións de atemorizar ós fieis con escarmientos do inferno, non deixaba de ter unha linguaaxe e uns ritos ledos, alegres e, todos eles, comunitarios, participativos. Logo os *padres da Igrexa* foron convertendo aquela auténtica festa, aquela longa pascua en algo que quixerón fora más serio e resultou penoso, patético, que está caracterizado por unha enorme tristura. Os cregos ó entrar no templo danlle á súa faciana un carácter triste e compunxido, que eles cren que é serio. A seriedade dun home (e os cregos tamén son homes) está e demóstrase nos feitos e non nuns acenos más ou menos circumspectos. De ver un crego diante do altar a velo na sacristía é tal a diferencia que parecen dous distintos. Penso que esto non o fan como consecuencia dunha teatralidade estudiada, senón que é un hábito transmitido de xeración en xeración dende a Idade Media que foi cando tódalas cousas coleron unha trascendencia extrínseca, co fin de amosar no aparato das ceremonias un transfondo críptico que abriaba á ignorante grea. A liturxia foi transmitíndose mirando para o que se facía más que pensando no por que se facía.

Outras celebracións da Igrexa, mesmo fora

do templo, están marcadas tamén pola aflicción, como son: A *CORESMA*, na que están prohibidas toda clase de festas, bailes e diversións, sobre todo da mocería. Pola contra ordénanse vixilias, xexúns e abstinencias durante máis de corenta días. A *SEMANA SANTA*, que ó chegar aquí tódalas dores, afliccóns, castigos e abstinencias se multiplican, se ben a mesma celebración o xustifica.

Esta falta de alegría, esta tristura, transmítense tamén á música relixiosa. Tomás Luis de Victoria (1548-1611) foi o más grande polifonista español de tódolos tempos. Un gran músico recoñecido no mundo enteiro, pero toda a súa música é triste. Copio dun libro (2): *A música de Victoria é, xunto á de Palestrina e Lasso, o cumio da polifonía europea do século XVI. Distínguese destes mestres por ter composto exclusivamente música relixiosa e polo grande misticismo e emoción da súa música.* Pois sí, pero temos que interpretar misticismo e emoción como anguria, mágoa. Unha marabillosa obra de Victoria, titulada O MAGNUM MISTERIUM, que termina cun ALLELUYA, é triste. O autor foi incapaz de mostrar a más mínima alegría ante o *magnum mysterium*, o nacemento de Cristo. ¡Que contraste co ALLELUYA de Haendel, co EXULTATE, JUBILATE, de Mozart, co ALLELUYA, PASCHA NOSTRUM, de Léonin, a CANTATA PER IL SANTISSIMO NATALE cual alto concerto, de Alessandro Stradella, e tantos e tantos cantos de xúbilo exultante que compuxeron músicos de tódalas nacionalidades agás os españoles! No nacional-catholicismo español —que non se inventou tras da guerra civil do 36, senón que ten séculos de vixencia— non parece existi-lo ceo. Tras dunha vida chea de carencias, parece que nos agarda un abismal inferno.

Para abondar máis nas opinións anteriormente expostas, vou citar dúas frases expresadas por dous grandes e recoñecidos escritores:

Tanto eu valín, canto sufrín, de Baltasar Gracián.

¡Sufrir é un delicto!, de Graham Greene.

O anterior reflexa dous sentidos completamente opostos da vida diante do sufrimento.

Dunha parte vémo-la valoración que o xeita español fai dun padecemento, sexa cal sexa, que é instintivamente rexeitable por cal-

quera ser vivo. Sen embargo el pono como xusta medida do valor, non no senso de valentía, senón de valía, de importancia, de estimación. Como praticante e, non só iso, senón ministro dunha relixión na que Deus premia os bos con tódalas felicidades posibles haberá que pensar que o sufrimento é a valoración das maldades.

Pola outra banda vémo-la reacción do magnífico escritor inglés, autor de O PODER E A GLORIA, O FACTOR HUMANO, O TERCEIRO HOME e tantas obras extraordinarias. Este home arelaba a desaparición do sufrimento. Coido que toda mente equilibrada deseja a extinción de tódolos males que poida haber. Todos imos ó médico para ver de que nos faga desaparecer aquilo que nos desacouga.

Estas reacciones tan dispares diante do sufrimento non se poden achacar a distintos puntos de vista relixiosos, pois Graham Greene, que tiña unha formación calvinista, converteuse ó catolicismo no ano 1926 e morreu baixo a fe católica, tendo como secretario particular a un crego ourensán.

XENTE ALEGRE E XENTE TRISTE

Se se fixera unha enquisa cunha ampla mostraxe entre tódalas zonas, rexións ou países de España, preguntando cales son as xentes más ledas e cales as más tristeiras, un mínimo do noventa por cento contestaría que os alegres son os andaluces e os más tristes os galegos.

Pois imos facer unha análise baseada precisamente na poesía popular de cada un deses países e veremos a que conclusión chegamos.

Poesías ou canciones populares andaluzas:

Estando preso en la cárcel
un entierro ví pasar.
Era la pobre de mi madre
que la iban a enterrar.
(As desgracias sempre veñen xuntas.)

La Lirio, la Lirio tiene,
tiene una pena la Lirio
y se le han puesto los ojos
moraiatos del martirio.
(¿U-la ledicia?)

(2) HONEGGER, Marc. *Diccionario de la musica*. Madrid, Espasa-Calpe, 1988.

*¿Quien me compra este misterio?
Adivina, adivinanza:
¿Por quien sufre? ¿Por quien llora?
¿Por quien bebe la Parrala?
(Degradante.)*

*No debía de quererte
y sin embargo te quiero.
(Fatalismo.)*

*La enterraron por la tarde
a la hija de Juan Simón
y era Simón en el pueblo
el único enterraor.
Él mismo cavó la fosa...
(Macabro.)*

¿Este é o pobo tan alegre? Realmente eles teñen a intención de selo, pero non poden ou non saben. Algo falla. Vai un a unha *festa flamenca* e, cando xa se levan bebido uns cantos finos empezan a oírse frases coma estas:

-Que empieza la diversión.
-¡Ole! ¡Viva la alegría!
-Coge la guitarra Manitas de plata.
-Que comiense la juerga.

Tras dun rasgueo e unha introducción instrumental arráncase un cun cante:

*Aunque puñalás me den
no he de dejar de quererte,
que te quiero con el alma
y el alma nunca se muere.*

Logo outro:

*Los cabellos de la rubia
dicen que tienen veneno.
Aunque tengan solimán
cabellos de rubia quiero.*

Despois aparece o que vai cantar por alegrías e un espera que a cousa mellore:

*A la orillita del río
está llorando Manuel,
porque le ha caído al agua
pluma, tintero y papel.*

Dende logo hai que ter un peculiar sentido do humor para chamarlle a todo iso *juerga, fiesta y alegría*.

Nunha copla bastante longa hai unha parte na que se fai alusión ó bautizo dunha rapaza e dí:

*En la pila te pusieron
Rosa, porque alguien cantaba
que no hay en el mundo rosa
que no muera deshojada.*

¡Bos agoreiros eran! E boas persoas tamén. Sendo supersticiosos, como se deduce do texto e coñecendo o presaxio que representaba, inda lle poñen ese nome... habendo tantos que vaticinan boas cousas: Felicidade, Bienvenida, Ventura, Leticia, etc. ¡Hai que ser sádicos!

Leo nunha antoloxía de poesía anónima popular española:

*Si no me quieres, te mato,
dicen unos ojos negros;
y dicen unos azules:
Si no me quieres, me muero.*

Esta xente non gaña para enterros. Estas opiniós son compartidas por propios e extraños. Por exemplo:

O escritor e actor cómico español JOSE LUIS COLL, dixo un día: *El español tiene un gran sentido del humor, pero humor trágico, basto, sucio. (3)*

Pierre Daninos escribe nunha antoloxía sobre o humor: *L'Espagne ne manque pas d'humour, sans doute, mais c'est le plus souvent un humour triste, dramatique, amer. (4)*

Celestino Fernández de la Vega, escritor galego, quen nun ensaio da súa autoría (5), refire a anterior cita de Pierre Daninos e apostillaa co seguinte: *Tal vez confirme esta observación o feito de que os únicos éxitos do noso cine -Buñuel, Berlanga e Summers- tienen evidente contacto co humor más ou menos negro de indudable raíz española.*

E co obxecto de lle por fin a este pequeno repaso como mostra, na procura dun humor, dunha alegría e dunha esmorga inexistentes, decir que hai unha canción popular andaluza que logo de recollida, puída e amañada polo

(3) TVE-1. Programa *La Palmera*.- 18 setembro 1991. Hora 4'30 da tarde.

(4) España, sen dúbida, non carece de humor, pero case sempre é un humor triste, dramático, acedo. Título da antoloxía: *Tout l'humour du monde*. Ed. Hachette. 1958. Páx 16.

(5) FERNÁNDEZ DE LA VEGA, Celestino. *O segredo do humor*. Vigo, Galaxia, 2ª edición, 1983.

poeta Rafael de León e con música do mestre Quiroga, acadou anos atrás un éxito grande en toda España —sen dúbida merecido— co título de NO TE MIREN EN EL RÍO.

A letra é talmente un romance de cego. Fala de que en Sevilla hai unha casa e na casa unha ventá (6) e na ventá unha nena que nas noites de lúa mirábase no río. E logo o estribillo di:

*iAy! iAy! iAy! iAy!
No te mires en el río
iAy! iAy! iAy! iAy!
que me hases padésé,
porque tengo niña selos de él.*

Logo fala de que o mozo lle trae moitos obsequios e agasallos da feira de Sevilla, cos que a nena se pon tan guapa coma unha raiña e segue coa súa teima de se mirar no río, ata que unha noite de verán...

*Una noche de verano
cuando la luna asomaba
vino a buscarla su novio
y no estaba en la ventana,
que la vio muerta en el río
y que el agua la llevaba.*

iHaberá un sentido máis tráxico da traxedia? Se me permiten a redundancia ou paronomasia (?). O romance non nos explica se foi un accidente ou foi un suicidio e, neste último caso, as razóns, mellor dito, causas que levaron á nena a comete-lo feito. Só cabe unha explicación: O río, en loita co noivo da rapaza, empregando malas artes, atraeuna e nun acto de amor monstruoso, fixose con ela para levalla no seo das súas augas a morrer a ese mar no que morren tódolos ríos. iPor algo o mozo da rapaza non quería que se mirara no río, porque tiña ciumes del!

Pola contra hai que ver o tratamento que a poesía popular galega dá ó feito do casoiro. Nun suplemento de LA VOZ DE GALICIA do día 27 de abril de 1991, aparece publicada na sección CANTARES DE CEGO, unha folla solta que o Sr. Alvarez Blázquez, mercou en A Caniza no ano 1950, na que se dí:

*Alá na terra de Lugo
na montaña de Burón
pasou un caso chocante
que causou admiración.*

*Vivía unha patrona
con unha filla e unha neta;
as tres estaban solteiras
nunha casinha pequena.*

*Todas as tres tiñan mozo,
todas se querían casar,
e maiormente a patrona
xa non se pode aguantar.*

*Esta trataba cun vello,
medio xordo e xorobado,
pero era mui bonito
porque tiña moitos cartos.*

*A filla era media bruxa
e tamén tiña rapaz;
un xastre de mala morte
que andaba polo lugar.*

*A neta era mui noviña,
tiña quince primaveras,
sólo que tiña un defecto
que era torta das pernas.*

*Esa tamén tiña novio:
un gallardo paragüero
que cando viña ó lugar
botáballe algún remendo.*

*Un día que estaban xuntos
entre todos acordaron
casarse todos un día,
por evitar moitos gastos.*

*A vella toda apurada
foi xunta ó cura correndo,
antes de que algún dos novios
cambeara de pensamento.*

*Boas tardes, señor cura,
véñolle a preguntar
por facer tres casamentos
canto nos vai a cobrar.*

(6) Esta aclaración non é obvia, porque na construcción andaluza, herdada dos árabes, hai casas sen fiestras exteriores.

*Un cóstalle trinta pesos
e os tres valen noventa,
pero sendo os tres xuntos
rebaixaréilles da cuenta.*

*Carro que son todos xuntos
e todos nun mesmo día:
cásome eu e cásase a neta
e tamén se casa a filla.*

*Nunca outra tal se viu
desde que son sacerdote;
tres casoiros nunha casa
debe ser señal de morte.*

*Pois non lle é ningún milagre,
é que topamos tres burros
e hai que aparellalos
pra que queden ben seguros.*

*Pois vénname cando queiran
que eu cásosoos de contado
e como son todos xuntos
heillo de facer barato.*

*De padriños e madriñas
servimos uns prós outros;
e, mire chéganos ben
que queremos rezar pouco.*

Despois vai explicando que mentres eles fan na igrexa os rapaces do lugar entraron na casa, fixeron unha cinczarrada, levaron a carne toda, o viño e as empanadas e cando voltaron do casamento atopáronse, eles e máis os invitados, sen nada que comer nin que beber e, mentres tanto, no lugar fixeron unha gran festa, e o cantar acaba:

*Os matrimonios á noite
fórsonse cedo prá cama,
pero como tiñan fame
non puideron facer nada.*

*Porque o baile, meus amigos,
según dicen sal da panza,
e todo aquel que non come
ten pouca gana de danza.*

E así, como non quere a cousa, xa chegou o momento de facer unha pequena mostra das

Cancións ou poesías populares galegas:

Imos presentar unha escolma da enorme cantidade de poesías e cancións populares do noso país, algunas recollidas de oido por un mesmo e outras, a meirande parte, que figuran recollidas en distintas coleccións como son as publicadas na revista NOS (7), na GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA (8), no libro titulado CANCIONEIRO POPULAR DAS TERRAS DO TAMARELA, de Manuel Rico Verea (9), que as recolle na comarca situada entre Boimorto e Sobrado, e outras máis, entre elas unha á que teño especial aprecio, publicada en CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS (10), que, no seu día, foi recollida por D. Federico Maciñeira Pardo de Lama e, más tarde, feita a escolma e ordenación polo seu neto Federico Maciñeira Teixeiro, con quen me une unha grande amizade.

Mais antes de entrar de cheo nesa mostra de cancións ou poesías, coido que non estaría de más recalcar que hai moita xente que apón ós galegos tristura, que nos atribúe sona de chorimiqueiros, que pensa, e chega a autoconvencerse, que nos atopamos sempre nun estado latente de morriña, nun nirvana negativo, ou sexa nunha eterna circunstancia de malandanza, da que non procuramos sair por puro masoquismo. E para remachar todas estas opinións erróneas, inda subliñan que a nosa poesía, os nosos cantares, a nosa música é tristeira.

¿Que é o que ocorre? Pois que estas xentes non coñecen a poesía nin a música popular, que son as que representan a auténtica maneira de ser dun pobo. Eles coñecen algúns poemas -moi poucos, dende logo- dalgúns poetas galegos, sobre todo da más grande deles, Rosalía de Castro e, non hai dúbida que fixo moitos poemas tristes, inda que tamén os ten alegres e festivos: *Un repoludo gaiteiro; Vamos bebendo; Si a verno, Marica, nantronte viñeras; Xan* e outros máis.

Pero os poetas cultos poñen en verso o seu

(7) NOS. Obra completa. Edición facsímil.

(8) Escolma da Literatura Galega - Poesía. Tomo I. Gran Enciclopedia Gallega, 1989.

(9) RICO VEREA, Manuel. Cancioneiro popular das terras do Taramela. Vigo, Galaxia, 1989.

(10) MACIÑEIRA Y PARDO DE LAMA, Federico. "Literatura popular das terras da Capelada e da Fadadora". En: Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XXVI, Fascículo 78. Santiago, 1971.

estado se ánimo particular e íntimo, a súa maneira de entende-la vida, as súas propias ideas e ideoloxías; teñen un estilo de seu e, normalmente van seguindo os modos e modas da época en que viviron e escribiron. Por iso sempre resultan contemporáneos entre si os románticos, os naturalistas, os simbolistas, os modernistas, etc. O mesmo ocorre cos músicos. Eles compoñen á súa maneira inda que se inspiren na música popular que, unha vez tratada por eles xa deixá de ser popular para se converter en culta. E xa non digamos na música de programa pois para ela sempre han de escoller versos dos melhores poetas, mitos de grandes fabuladores ou cuadros dunha exposición dun pintor de moita sona.

Pero nin uns nin outros representan a auténtica maneira de ser dun pobo. Cada un representa a si mesmo e xa non me parece pouco.

Penso que vai sendo hora de empezar coa mostra das cancións, que as hai para tódolos gustos. A súa temática abrangue os temas más variados, pódese dicir que tratan sobre todo o humano e o divino.

Hainas sobre oficios e profesións:

*Alegria no inferno
que morreu o escribano.
A pluma e mailo tinteiro
quedan na sala bailando.*

*Teño unha leira moi cerca
dunha do señor Xuez;
pixen pleito no Xuzgado
e din que perdeuse a lei.*

*Con pixotas de Marín
e os chocos de Redondela
engordan os avogados
que temos en Pontevedra.*

*Preguiceiros do convento
aprendede a traballar
que o pan de kirieleison
sempre non ha de durar.*

Tamén as hai relativas ó casoiro:

*Solteiriña non te cases
aproveita a boa vida,
que eu ben sei dunha casada
que chora de arrepentida.*

*Ser solteiro é boa cousa
e ser casado tamén,
deixarei pra cando morra
pensar o que me convén.*

*Eu caseime cun velliño
por decir que tiña home,
ivállate xuncra de vello
que xiixerá á cama sobe!*

*Miña sogra peneirando
todo o corpo zarandea,
rebea por se casar
e está caendo de vella.*

*Dios che me dea paciencia
con esta miña muller;
nin ela fai o que eu digo
nin eu fago o que ela quer.*

*Meu sogro querease casar
para me dar outra sogra,
para consolarme di:
iA ver si é mellor ca outra!*

Noutras cantigas recóllese consellos, por más que hai un adaxio galego que dí que consellos non enchen nin pagan deudas.

*Non te fundes no que fuches;
fúndate no que es agora,
que si fuches e non es,
total, como si non foras.*

*iSempre louvando a probeza
nos seus sermons Don Martiño!
E louva que louvarás,
ia il váelle os seus cartiños!*

*Así a un fillo aconsellaba
un tendeiro moi langrán:
-Trata con xente de ben,
que é más doada de engañar.*

*Ven a se-lo ayuntamento
como unha vaca de moitos;
ninguén a quere manter,
mais munxila queren todos.*

Entre as que teñen relación coa vida matrimonial pódense citar estas:

*Pica, canteiriño, pica,
pica na pedra miuda;
pica na muller allea,
que outro picará na túa.*

*Eu caseime por un ano
por saber que vida era,
a vida non era mala...
solteiriña quen me dera!*

*As esfolladas do millo
non dan proveito a ninguén;
miña muller foi a ela
i esfollárona tamén.*

*A que se casa cun vello
non sei que gusto lle topa,
cando se deita di iai!
cando se levanta iopa!*

Poida que das que más haxa sexan as que se refiren ós cregos:

*O cura que me casou
debía de estar borracho,
tres veces me preguntou
se era femia ou se era macho.*

*Díxolle o crego á criada:
—Non precisas confesor
que xa te confesarei
embaixo do cobertor.*

*O cura e maila criada
xogan ós tibiriquiños;
a criada cae de espaldas
i o cura cae de fuciños.*

*O cura vender, vendeu,
e non tiña que vender,
vendeu o rabo da mula
iborrachón! para beber.*

*O cura cando vai fóra
déixalle dito á criada:
—Veña tarde, veña cedo,
déitate na miña cama.*

*O cura vendeu a burra
por non lle dar a cebada,
agora vai ós enterros
a cabalo da criada.*

*Arrimeime, arrimeime,
funme arrimando,
á criada do cura
cominlle o caldo.*

*Os curas e os taberneiros
teñen moito parecido,
os curas bautizan nenos
e os taberneiros o viño.*

Outras moi abondosas son as picarescas:

*Eu pidinlle a unha nena
na cabeceira do prado,
respondeume a picarona:
—Está o campo mollado.*

*Esta noite hei de ir alá,
meniña non teñas medo,
que coa punta da navalla
abrireiche o tarabelo.*

*Debaixo da Oliveira
non vai frío nin orballo.
Meniña, se has de ser miña
non me deas más traballo.*

*Teño unha cuñada nova
que de noite anda ceibada,
débelle pica-lo bicho
que lle vexo mala cara.*

*Eu teño un can de palleiro
que de noite anda ceibado,
ten coñadado Marixiña,
Marixiña ten coñadado.*

*Esta noite hei de ir a verte,
neniña non teñas medo,
déixame a porta atrancada
cunha palla de centeo.*

*Como te pille no prado
como te pillei máis veces
heiche de meter no corpo
herba para nove meses.*

*Sei un niño de paxaro
aló no monte da xesta;
se me das co niño, nena,
se me das co niño hai festa.*

Tódalas poesías anteriores están clasificadas como estrofas do apartado denominado *copla popular*, arte menor que deixa soltos os versos 1º e 3º, mentres o 2º e o 4º riman en asonante. Esta é a forma que podemos chamar más clásica, que adopta a poesía popular galega. Inda que nalgúns casos se cheguen a facer poemas bastante longos, compónense de varios deste mesmo tipo como lle ocorre a un titulado OS REISES DO TIO CARRANCO, que foi recollido en Lamela por Xesús Penedo Gómez, no que se vai contando que ó tío Carranco veulle da Arxentina un gabán noxento que con tanta basura infestou Cachamuiña. Pero o tío está moi contento e satisfeito coa prenda e lévaa a tódolos sitios, malia que na casa todos lle din que non a poña, e así é que:

*O tío Carranco
cando vai á misa
hasta o señor cura
se mexa de risa.*

*Hasta o señor cura
máis o sacristán
se mexan de risa
ó verlle o gabán.*

Tamén os Coros galegos teñen un repertorio moi amplio de cancións con letras festivas. Un bo amigo, Xosé Pardo Pombo, que cantou durante moitos anos na Coral Follas Novas, de A Coruña e que, con catro amigos, é capaz de armar un coriño xeitoso, sobre todo nas adegas do viño do país, en Betanzos, facilitoume unha manchea de letras pertencentes a cancións de repertorio nos devanditos Coros, das que entresaco as seguintes:

*O alfaiate de Soñeiro
por escaparalle a unha rata
se caeu dunha cadeira,
escabrollouse unha pata.*

*Enriba de Sada
perto de Soñeiro,
hai un xastre coxo
que é moi paroleiro.
Xoga ca pelota,
baila cas rapazas,
demonio de alfaiate
ise non fora a pata!*

*Miña sogra ten o mal
que lle chaman doenía
e o médico recetouelle
moitos baños de auga fría.*

*Sete cuncas de papas de millo
unha vella comeu
e rompeulle o cordón de xustillo
de tanto que encheu.
Tiña fame, comeu outras sete
e más recuncou,
e despois fixo igual ca un foguete
¡Chis pum! e estoupou.*

*Cando te quixen neníña
quixente por pintureira
pró que nunca me gustou
foi sentarme na lareira.
Os contiños da lareira
son de trasnos e estadeas
das segas e sementeiras
e más de vidas alleas.
Gústame máis o pendello
ou calquer parte da eira
porque os amoriños novos
non precisan de lareira.*

E xa para dar cabo a esta escolma de poesías, coplas e cantigas imos poñer unha tanda delas sen atender a clasificación de ningún tipo:

*Sempre te andas alabando
que teu pai eche moi rico;
a riqueza do teu pai
lévacha o corvo no pico.*

*Costureiriña bonita
a aquel pazo foi coser
e no medio da escala
xa lle deron que facer.*

*O xastre de cara biola
tallou a miña mantilla;
fixome deitar na cama
para tomarme a medida.*

*Non quero que te vaías
nin que te quedes;
non quero que me deixes,
nin que me leves.*

*Esta noite e más a outra
e más a outra pasada
abalei unha peneira
que nunca fora abalada.*

*Meu señor San Andresiño
feito de pau de sanguíño;
Dios che dea tanta forza
coma ó porco no fuciño.*

*Se ti queres e eu quero,
quen nolo ha de privare
de face-la cama xuntos
para mañán madrugare.*

*Alá arriba non sei donde
habla non sei que santo,
que rezando non sei que
ganábase non sei canto.*

*Miña nai deume unha tunda
co aro dunha peneira;
miña nai, teña vergonza,
que ven a xente da feira.*

*Meu glorioso San Antón
feito de pau de sanguíño;
dame forza no carácter
coma ó porco no fuciño.*

Coido que queda ben demostrada a diferencia e contraste existente entre a poesía ou canción popular española e a galega. Isto non quere dicir que noutras facetas da cultura ou na súa angueira cotiá, non teñan momentos de alegría, non teñan motivos de risa, arelas de diversión, pero nesta tesitura é onde se manifesta claramente a gran diferencia: o español rí cos *chistes*; os galegos sorrimos co *humor*.

¿Que diferencia hai? Un abismo.

As diferencias entre humor e simple comididade (*chiste*, parodia, farsa, bufonada, astra-canada) son moitas e moi grandes. Existe entre eles unha barreira, un atranco verdadeiramente insalvable e para dar unha explicación gráfica, sobre todo para os que están convencidos que unha imaxe vale máis que mil palabras, fímosles por dous exemplos de medios audiovisuales:

O primeiro é dun actor que saí hai uns anos, con bastante frecuencia na televisión. El é catalán e chámase Eugenio se non recordo mal. Un día fixéronlle unha entrevista e o lo-

cutor dirixiuse a el chamándolle humorista e o home contestou dicindolle que el non era humorista, que el non era outra cousa que un *contador de chistes*. Tiña toda a razón. Este home sabe distinguir entre unha cousa e outra.

O segundo exemplo é cinematográfico: *Charlot e Cantinflas*.

CHARLOT: A súa vestimenta era, ou máis ben quería ser, elegante. Case se pode dicir que usaba o uniforme da súa patria: Inglaterra. Chapeu de fungo, chaquet negro, chaleque, camisa branca, gravata, pantalón a raias e botas. Nisto último, no do calzado, era onde se permitía unha certa concesión ó burlesco. Pero ¿que quería indicar con isto? ¿Que andaba do xeito que o facía por culpa das botas ou que a deformidade dos seus pes non lle permitía usar outro calzado? Como complemento un fino bastón de canaveira de bambú. O seu cine –e nunca mellor dito o de *seu*, xa que o normal era que, ademais de interpretalo, tamén o dirixira, inventara o argumento ou, polo menos fixera o guión e moitas veces a música–, repito que o seu cine anúnciano, case sempre, como cómico e non é ese o adjetivo que lle corresponde. ¿Que teñen de cómico os argumentos dos filmes *O RAPAZ*, *A QUIMERA DO OURO*, *LUCES DA CIDADE* ou *TEMPOS MODERNOS*, por citar algúns? Todos eles son moi serios, moi reais, inda hoxe están latentes os problemas que expón: os nenos na rúa desamparados diante da crueldade do mundo; un home que vai para Alaska porque van todos ou por non ter mellor cousa que facer; os problemas dos diminuidos físicos, unha invidente que pensa que todo o mundo é bo, coma ela, porque a cegueira lle impide ver a realidade; a súa visión do progreso industrial e material, onde el intúe as lacras que trae consigo e que hoxe estamos a padecer. ¿Pode considerarse isto cómico? Na interpretación a súa faciana está sempre seria, moitas veces triste e só sorrí cando ve que os demás son felices. Os seus xestos e acenos xamais son esaxerados. Se o ricacho, o banqueiro regalan colares de perlas el ofrece un ramíño de flores arrincadas dun xardín público. Pero... si, hai un pero. Isto –e aquí está o segredo do humor– interpretado por el prodúcenos un nó na gorxa e un sorriso nos beizos. ¿Como se consegue? Soamente os humoristas o saben.

CANTINFLAS: Este sí que pode se-lo paradigmado cómico. As películas que el interpreta están feitas co único e exclusivo obxeto de facer rir. O argumento, se o teñen, é do máis convencional e absurdo no sentido do despropósito, de desatino. Non fan máis que buscar situacions para que o intérprete faga rir ó respectable –pero non sempre respetado– público, veñan a conto ou non. A súa indumentaria é deplorable: uns pantalóns alá embaxo, tan abaixos que un está esperando ver cando o deixan co cu ó aire; unha camiseta, sabendo –se é que o saben– que é de moi mala educación presentarse ó público en roupa interior; unha bufanda moi longa, que parece que non teña outro obxeto que pisala de cando en cando e dese xeito ir dando traspés que é cousa que fai rir moito ós nenos pequenos e a algúns grandes; un sombreiro esfarrapado que lle serve para darrle voltas coas mans cando, por esixencia do guión, ten que estar sen facer parvalladas. E outro detalle, un bigote absurdo que nace na comisura dos beizos. Parece que foi feito adrede para que non semellara en nada ó bigote mosca que usaba Charlton e que tantos imitadores tivo. ¡Ata Hitler!

Unha vez establecidas as diferencias existentes entre o chiste e a simple comicidade, por un lado e o humor polo outro, imos tratar de explicar

¿QUE É O HUMOR?

Penso que o mellor para informarse do que unha cousa quere dicir é acudir a un diccionario e dun deles (11) é de onde sacamos as seguintes definicións:

HUMORISTA: *Dícese de quien se expresa o manifiesta con humorismo.*

HUMORISMO: *Manera de enjuiciar, afrontar y comentar las situaciones con cierto distanciamiento ingenioso. Linda a veces con la comicidad, la mordacidad y la ironía, sin que se confunda con ellas; y puede manifestarse en la conversación, en la literatura y en todas las formas de comunicación y de expresión.*

¿Por que se dá nos galegos ou entre os galegos o fenómeno do humorismo?

As manifestacions da natureza producidas

en determinados lugares ou entre grupos de poboación definidos, que chegan a constituir unha característica das xentes deses lugares, non xorden espontáneamente nin son producto dunha soa causa. A idiosincrasia dun pobo non é connexa senón que se vai formando polas circunstancias que concorren nese lugar e inciden nos seus habitantes.

O galego é individualista por natureza (o fenómeno da colectivización na emigración merece un estudo á parte) e demóstrao na súa tendencia a vivir separado e incluso distante dos seus semellantes. A diseminación da poboación que se produce neste país ratifica claramente. As capitais e demais cidades son pequenas comparadas con calquera outro país, ainda contando co que medraron de pouco para acó con motivo da industrialización e demás cambios experimentados no modo de vivi-las xentes. Pero con todo iso o galego habitante da gran urbe, en tanto pode, constrúe ou adquire un chalé, unha casa, un fin de semana, resumindo, un habitáculo no campo. Alí, alonxado do *mundanal ruido*, atópase consigo mesmo, adquire a súa plena identidade ou, coma se dí hoxe, realízase. Esta vida case monacal, medio eremítica, proporcionalle ó galego –introvertido por natureza– o exercicio do seu deporte favorito: pensar. Pero co tempo tamén se esgotan os temas sobre os que cavilar e con isto poden ocorrer dúas cousas: Que se meta o demo por medio e entón poden xurdi-los preitos ós que tan afecionado é o home rural; ou que o diaño o deixe tranquilo e entón apodérase del o *dolce far niente* que, cando deixa de ser *dolce*, convértese en tedio e para sair deste marasmo quizais o único medio sexa o humor, pois como dixo Celestino Fernández de la Vega: *o humorismo é o esforzo más intelixente do home por se liberar da sua tediosa condición.* (12)

Pero aínda non temos feita a definición do humor.

En calqueira diccionario que se colla pódense atopar, como principais, estas tres acepcións da palabra **HUMOR**:

a) *Calquera dos líquidos que se atopan no corpo do animal.*

b) *Certo estado de ánimo* (estar de bo ou de

(11) Real Academia Española de la Lengua. *Diccionario de la Lengua Española*. Madrid, 1984, vigésima edición.

(12) *Ibidem*. nota (5)

mal humor).

c) *Xovialidade, agudeza, simpatía, gracia, ironía, etc.*

Hai un dito galego que ven a ser o compendio das tres acepcións anteditas: DEUS DEA HUMOR E NON NOS OLLOS.

Se o analizamos vemos que nesa frase hai un degoiro de humor, ou sexa o especificado no apartado c); para conseguilo o estado de ánimo ten que ser bo, como se di no apartado b); e se fai a exclusión do humor nos ollos é porque non quere que derramen bágoas, que é o líquido que existe neles, como consta no apartado a).

Pero unha cousa son as definicións que constan nos diccionarios e outra as opinións que sobre a materia teñen certas personalidades de recoñecida solvencia literaria, filosófica, en fin, intelectual e que non sempre están de acordo coas definicións oficiais e que sempre, iso sí, amplian, explican e clarifican eses significados e, xa non se diga cando versan sobre materias tan complicadas como esta que estamos a tratar, porque, como dixo William Davis, *o humor é algo más fácil de entender que de definir*. Pero imos ver máis a fondo as opinións deste prestixioso periodista inglés.

WILLIAM DAVIS, como xa dixemos, é inglés inda que naceu en Hannover (Alemania) no ano 1933. Foi un dos máis xóvenes xornalistas de Gran Bretaña, pois os 18 anos xa exercía a profesión. Despois de ser director financeiro do Evening Standard e do Manchester Guardian, no ano 1968 foi nomeado director da revista satírica PUNCH, de fama internacional.

A este home fixolle unha entrevista o escritor español Nestor Luján (13) e, nela, a seguinte pregunta: Mark Twain dixo unha vez que "o segredo do humor non é a alegría senón a tristeza". ¿está vostede de acordo?. O entrevistado contestou, entre outras cousas: *Absolutamente. En ocasións o humor más sutil provén das minorías oprimidas, que se valen del para facer más soportables as súas propias vidas. A xente que sofre ou que sufriu adoita ter más grande talento para se rir de si mesma e do que lle arrodea. O humor é coma un antídoto.* A continuación cita varias mostras, unha delas é o humor xudeo, pobo que padeceu tantos

séculos de persecucións e padecementos. Así vén de dicir que certo pobre israelita pregáballe a Deus cos brazos cara ó ceo: *Señor, ti que axudas a tantos estráños, ípor que non a mí?*

E digo eu, ¿non será esta unha das grandes razóns polas que os galegos disfrutamos dun humor tan característico?

Tamén nos dí Nestor Luján no mesmo libro que se ben é certo que as palabras *humor* e *humorismo*, no sentido en que aquí as empregamos, aparecen no século pasado, sen embargo serven para definir algo que xa existía anteriormente, anque agora responden a un novo matiz do espírito humano. A comicidade, o chiste e a alegría non foron nunca un exercicio espiritual, case sempre disciplinado, como é o humor.

Segundo o libro aparece outra pregunta a William Davis: ¿Quen foron, na súa opinión, os humoristas más destacados na historia da humanidade?

Di o entrevistado que é difícil contestar e engade: *Nunha recente visita ó Xapón dir por primeira vez cun marabilloso libro de humor oriental, e quedei encantado polo enxeño e a perspicacia dos chineses, cun humorismo que se remonta a moitos anos.* E segue a dicir que atopou na india excelentes obras humorísticas.

No capítulo EL HUMOR EN ESPAÑA figuran cousas moi interesantes, como poída ser:

Polo xeral, en España o humor tivo unhas características moi concretas. Parece ser que, agás Xulio Camba –celta e europeo–, os españoles chegan ó humor arrastrados polo extraño imperativo da súa tristeza conxénita. (...) a literatura huorística española adoita ser falsa ou sarcástica, pero case nunca é alegre. (...) no extranxeiro considérase ó pobo español coma alegre, de castañolas a taconeo, cando na realidade é grave, desolado e mordaz, pero xamais alegre nin ben humorado.

Cita a Valle Inclán e a sátira que el mesmo denomina esperpento e logo dí: *O esperpento é a máxima deformación de humor español.*

Máis adiante, nun apartado titulado ESCRITORES HUMORISTAS, pódese ler: *Os escritores humoristas proceden dos dous extremos de España. Por unha parte está o humorismo galego, sendo os seus máximos representantes Wenceslao Fernández Florez, Xulio Camba*

(13) *El humorismo*. Barcelona, Salvat, 1975.

e, noutro orde menos literario e más gráfico, Alfonso Daniel Rodríguez de Castelao. Por outra, o humor finisecular, influído polos humorismos francés e briánico, que arraiga en Cataluña, desde a visión agriadoce da vida, de Santiago Rusiñol, ó cosmopolita e extravagante Pompeyo Gener, e o humor britanizado, dunha esvelta distinción idiomática, dun Josep Carner, en poesía e en prosa; Ramón Gómez de la Serna, co seu cerebralismo concentrado e a súa estimación do casticismo madrileño, representa un humor sen alegria, metafórico e desacougan-te.

Moitos foron os que, con máis ou menos extensión, escribiron sobre este tema, algúns con frases verdadeiramente lapidarias. Vexamos algunas mostras:

Dostoiewski: *O humor é a sutileza dun fondo de sentimento.*

René Dommert: *O humor é, en definitiva, desde Shakespearee Cervantes, a máxima creación de que se ten mostrado capaz o espírito occidental.*

Schopenhauer: *O humor é seriedade envolta en broma, isto é, algo que non é o que parece.*

Martin Lutero: *O meu riso é a miña espada, e a miña alegria, o meu escudo.*

Jules Renard: *O humorista é un home de bo malhumor.*

Hermann Hesse: *O verdadeiro humor empaza cando xa non se toma en serio á propia persoa.*

André Maurois: *O sentimento do cómico libera do odio.*

Máximo (humorista español): *O humor é a única arma que lles queda ós débiles fronte o poder opresor. O poder non usa do humor porque o poder non admite bromas.*

Bernardo Vervitski: *Ollarse a se mesmo adoita ser un bo incentivo do sentido do humor.*

Alfred N. Whitehead: *O que a Biblia non teña nin a menor pegada de humor é un dos feitos más extraordinarios da literatura.*

Poderíamos encher un libro con frases coma estas. Pero imos acudir agora, non a unha frase, senón a todo un libro que, xa no título, deixa explícito o tema que nel se estuda: *O SEGREDO DO HUMOR*, ó que xa aludimos en dúas ocasións.(14)

No limiar deste libro -feito por Ramón Piñeiro-, dise que cando se lle prohibira á edi-

toral Galaxia que seguise publicando os cuadernos da Colección Grial, acordaron publicar unha serie de tomos colectivos nos que se fosen estudiando temas fundamentais da cultura galega e o cuarto deses tomos debería tratar do HUMOR. Segue a dicir: Pero non tardamos en nos decatar de que a complexidade e a sutileza do humor desaconsellaba o seu tratamento múltiple. Mais é a quem se lle podía facer tal encomenda? Porque era evidente que a escolla tiña que se basear nun conxunto de cualidades dабondo excepcionais. Por ser o humor a expresión máis lograda da sabiduría verdadeira -a que nace da colaboración da sensibilidade e da intelixencia, da vida e do espírito, para manifestar a súa liberdade-, só podería ser abordado con tino por unha mente situada nese alto, e tamén profundo, nivel de liberdade.

Ese home en quen pensaron era CELESTINO FERNANDEZ DE LA VEGA. E que grande acerto tiveron. Coido que en língua galega non hai ningún libro escrito que encerre en si mesmo tanta dedicación, tanto traballo, tanta mestría, tanta erudición e análise dun tema tan profundo, tratado desde o punto de vista máis difícil, o filosófico, levado cun rigor racionalista que só esvara levemente cando aflora a amor filial do autor pola súa Terra Nai, se é que a más grande virtude pode ter algún defecto.

A PROBA CERVANTES

Este é o título dun dos apartados que figuran no libro a que nos estamos a referir, de Celestino F. de la Vega. Comenza dicindo que a España do século vinte disfrutou de tres grandes testas europeas pola súa fondura e riqueza curiosidade mental: Unamuno, Ortega e D'Ors. Estes tres filósofos estudaron a figura de Cervantes e ningún deles soubo atopar ou descubrir nel a faceta do humor. Con respecto a don Miguel de Unamuno, dinos: Ernst Robert Curtius sinala con tal precisión e acerto a incapacidade unamuniá para o humorismo que non fai falla outra causa que repeti-las verbas da traducción castelá do seu ensaio: "La profundidad de Cervantes consiste en una melancolía juguetona, y su sabiduría es el fruto sazonado de una vida rica en fatigas y dolores,

(14) *Ibidem*. Ver notas (5) e (12).

de un humor sonriente y afectuoso. Unamuno es el primero en lamentarse de que la atmósfera de la España moderna está recargada de una seriedad abrumadora y de que no existe hoy otro pueblo tan incapaz como el español de entender y sentir el humor." Segue a decir F. de la Vega: Quen ó le-lo libro xenial non se decata do seu humorismo é que non entendeu cabetamente. E máis adiante: *o sentido tráxico do Unamuno é incompatible co sentimento humorístico de Cervantes.*

Cando lle toca a Ortega recordanos F. de la Vega que nas *Meditaciones del Quijote* vese claramente que non quere saber nada do humorismo, e copia: "El género novelesco es, sin duda, cómico. No digamos *humorístico*, porque bajo el manto del humorismo se esconden muchas vanidades". Apostilla F. de la Vega: Ortega prefirió o embolismo de chamar cómica a toda novela en xeral que arriscarse a usarla verba humorismo. ¡Extraña xenreira! De xeito que Ortega, en trance de meditar sobre o Quixote, libro que se non é esencialmente humorístico non sabémo-lo que é, desbota de seguida un problema que ten preocupado gravemente a testas tan pouco despreciables como Hegel, Bergson, Freud, Schopenhauer e tantos outros.

En canto a don Euxenio D'Ors O primeiro que nos di é que "se trata de una figura que no resulta demasiado cómoda para un espíritu independiente" e más adiante tamén di: "Pero, ¿no diríamos mejor que hay dos Cervantes, dos Cervantes sucesivos, uno picaresco y el otro irónico?"

Todas estas opiniós venen a ratificar o que xa dixemos ó principio deste traballo: os españois, inda os más intelixentes, están incapacitados para entender o humor.

O SEGREDO DO HUMOR

Neste apartado descúbrenos F. de la Vega o tal segredo, coas seguintes palabras: "o humor ten un segredo, acubilla a súa esencia, gusta de se disfrazar. É algo serio e grave que se nos amosa lizgairo e brincador; é riso equívoco, cohíbido, que de seguida nos permi-

te sospeitar que non se trata de mero rir; é tristura fonda e lene, disposta a non importunar, sazonada co antídoto da serenidade e da comprensión; algo moi ágil, delicado, inestable, sorprendente, alusivo e elusivo; é conciencia do outro, presencia por ausencia, alusión ó contrario. É todo iso más outras moitas cousas sutís, contradictorias, resistentes a toda definición. Querer defini-lo humor, analisalo, vale tanto como tomalo en serio e, xustamente, niso consiste o senso do humor."

DEFINIDORES ESPAÑOIS

Neste apartado danos dúas definicións moi interesantes:

Unha de Ramón Pérez de Ayala, que di: "A título provisional propongo la siguiente fórmula del humorismo: ironía, más sátira, más comicidad, más ideal humano, más simpatía humana. Son seudohumorismo: la ironía estúpida, la sátira negativa (sin ideal) y la comicidad ininteligente; tomadas vulgarmente todas ellas como humorismo de ley."

A outra é de Azorín: "Si hay en España humorismo a la manera inglesa –el humor es de Inglaterra– en Galicia hay que buscarlo."

A CHOIVA NON ESCAMPA

É este outro dos apartados más exquisitos do libro que comentamos. Son tamén frases sobre o humor. Claro que como este home dominaba moitos idiomas, fai as citas na língua patrimonial dos autores. Veremos de da-la traducción:

Chris Marquer: *L'humour n'est bien souvent que la politesse du désespoir.* (15)

René Clair: *L'humour, qu'on a tant de peine à définir, c'est un peu l'intrusion du merveilleux dans le raisonnement, ou dans le mécanisme normal de la vie humaine.* (16)

Ramón Piñeiro, despois de expresar que o humor é un factor esencial da literatura galega, xuntamente co lirismo e o sentimento da paisaxe, sentencia: *O humorismo é outra das cualidades distintivas do espírito galego.*

(15) Frecuentemente o humor non é más que a cortesía da desesperanza.

(16) O humor, que é algo tan difícil de definir, ven sendo algo así como a intrusión do marabiloso no racionamento ou no mecanismo normal da vida humana.

O SENSO DO HUMOR

Aquí o noso protagonista danos a súa idea dese senso do humor, tan inaprensible, tan es-
varadío: A primeira tarefa do humorista con-
siste en ensinar a non rir indebidamente e a
desenmascara-las falsas traxedias. Entre traxe-
dia e comicidade hai unha chea de situacións
con resonancia sentimental moi diversa e ma-
tizada: Patéticas, dorosas, tristes, grotescas,
ridículas, etc. O humorista móvese neste cam-
po, complicado e diversificado por unha sutil
percepción. O humorista ten a virtude de ve-
las cousas polo anverso e polo reverso; unha
visión que lle outorga moitos segredos: a no-
breza do ridículo e a ridiculez do nobre, a hu-
mildade da vanidade e o orgullo da modestia;
a grandeza do pequeno e a pequenez do gran-
de, o sesgo virtuoso da hipocresía e mentira,
etc. etc.

HUMOR E FILOSOFIA

Vennos a dicir aquí que: "se o humorismo
é, como vimos sostendo, un esforzo por com-
prender, por lles atopar resposta con senso a
situacións conflictivas, por non perder la cabe-
za, ¿en que se diferencia da sensatez seria ou
da filosofía? (...) o filósofo dinos como son ou
non son as cousas, pero o humorista móvese
na ambigüedad, na paradoxa, na conciencia
do outro, isto é, na ironía. Por iso o home gra-
ve e asisado e o filósofo, por exemplo, Hegel,
e o noso Ortega, téñenlle certa xenreira ó hu-
morista. Nembargantes tal vez non haxa maior
siso nin mellor filosofía que o humorismo."

CERVANTES

Volta unha vez máis F. de la Vega a citar a
Cervantes do que dí que é o primeiro e o más
xenial dos humoristas benévolos. O precursor
de tódolos humoristas negros é Quevedo.

Despois exponnemos as opinións de tres gran-
des filósofos sobre Cervantes e o Quixote.

Para Unamuno todo consiste en separar a
Cervantes do Quixote; "fai falla quixotismo e
sobra cervantismo." "Don Quixote é a España,
é a fe, é espírito; non é Europa, certo; pero
tanto peor para Europa: fai falla españoliza-la

Europa, fai falla quixotiza-la." O Ortega vén
ditar exactamente o contrario: "Don Quixote
é, certamente, España; mal síntoma: se queremos
facer algo no futuro temos que nos des-
quixotizar, temos que nos europeizar, temos
que nos acomodar ó positivismo vixente."

De contado danos a opinión de Karl Vos-
sler (17): "Para entender exactamente o Qui-
xote existe unha chea de introduccións, prefa-
cios e comentarios que son, certamente, moi
útiles e, en gran parte, agradables, pero dos
que ben puidera prescindirse. O Don Quixote
de Cervantes introducícese a si mesmo dunha
maneira tan sinxela e clara que para entende-
lo mal fai falla ser un tonto rematado."

LIMITES ESPACIAIS DO HUMOR

Copio literalmente: "Mais o fundamento
da época moderna, que é o mesmo que o do
humorismo segundo resulta de todo o devan-
dito, non é algo universal, é algo espacialmen-
te limitado: ciencia, técnica –ó que haberá que
engadir agora o humor–, non son cousas uni-
versais, senón produtos europeos, occiden-
tais, con capacidade expansiva inusitada, pero
dificilmente asimilables por outros ámbitos
culturais. É difícil que poida falarse, por exem-
plo, dun humorismo oriental."

Esto último paréceme unha aseveración un
 tanto gratuita. Máis atrás, onde constan as opini-
óns de William Davis sobre o humor, dinos
el que no Xapón atopou un marabilloso libro
de humor oriental e que ficou encantado do
enxeño e a perspicacia dos chineses.

Particularmente son un devoto lector dun
escritor desa nacionalidade, LIN YUTANG,
e considéroo un humorista extraordinario.
Nunha obra súa titulada A IMPORTACIA
DE VIVIR (18), ten un capítulo dedicado ó
SENTIDO DO HUMOR, onde dí: "Teño
dúbidas de que fora plenamente apreciada a
importancia do humor, ou a posibilidade do
seu emprego para modificar a calidade e o
carácter de toda a nosa vida cultural (...) Por-
que a súa función é química, más ca física, al-
tera a textura básica do noso pensamento e da
nosa experiencia (...) A incapacidade de rir
custoulle ó ex Kaiser Guillermo un imperio,

(17) Filólogo e crítico literario alemán. Profesor en Heidelberg, Würzburg e Munich. Doctor honoris causa da Faculdade de Filosofía e Letras de Madrid. Notable hispanista, etc.

(18) LIN YUTANG. *La importancia de vivir*. Buenos Aires, Editorial Sudamericana, 1960.

ou como diría un norteamericano, custou miles de millóns de dólares ó pobo alemán (...) Paréceme que o peor comentario que se pode facer sobre as dictaduras é que os presidentes das democracias poden rir, en tanto que os dictadores parecen sempre tan serios (...) O home faiase sabio porque se fai sutil e enxeñoso. Todo é sinxelo. Todo é claro. Por esta razón é que penso que un espírito cordo e razonable, caracterizado pola sinxeleza na vida e no pensamento, só pode ser logrado cando hai un predominio moito maior do pensamento humorístico."

A China, con máis de nove millóns e medio de kilómetros cadrados e uns mil millóns de habitantes é un mundo completo e, polo tanto, alí ten que se dar de todo, incluso humoristas.

CONCLUSION

Penso que vai sendo hora de poñer fin a este traballo, pero coido que debo ó lector unha explicación.

Nun dos apartados anteriores que leva como epígrafe A INFLUENCIA DA IGREXA, pretendo demostrar que a Igrexa Católica influiu no carácter do pobo español acen-tuándolle a seriedade e a tristura que xa tiña de seu.

Pódese arguir, con toda a razón, que é a mesma relixión a vixente e rexente de todo o Estado Español. Si, a relixión é a mesma pero a grea non é igual. Hai que convencirse de que o galego -mesmo o máis devoto- ten algo de herexe ou máis ben de heterodoxo. ¿Serán reminiscencias de Prisciliano? O galego combina e mestura a Santa Misa, a Santa Compañía e a Pedra de Abalar. Celebra unha procesión das mortallas. Eu mesmo asistín hai anos a banquetes funerarios. O día da festa á saída da Misa Maior, báilase no adro, arrodeado dos panteóns e por enriba das campas, inda que se teña tino de non pisalas. A postura do galego diante das cousas sagradas á moi distinta á do castelán.

Outra cousa a destacar é que hai moitas das cantigas que figuran aquí copiadas que, no caso de seren traducidas literalmente ó castelán, resultarían groseiras, maleducadas, bas-tas e, sen embargo, en galego non o son. ¿Co-

no pode ser? O idioma castelán está inzado de eufemismos. Hai unha manchea de palabras que son tabú, a pesar de que queren dicir cousas moi reais, moi concretas e que figurán en tódolos diccionarios.

Hoxe en día vaise perdendo ese sentido relamido e melindroso da educación e vólvese a falar empregando certas palabras que o decoro e o recato prohibían pronunciar hai moi pouco tempo e que seguen a producir grande escándalo entre certa xente que non é dada a evolucionar e que se alporiza cando oé palabras que utilizaban Cervantes, Lope de Vega, Quevedo e demais clásicos da literatura española.

Así era, e, en moitos casos, segue a ser, que cando unha muller estaba preñada había que decir *que se hallaba en estado de buena esperanza*, en troques había figuras poéticas coma esta: *Sus ojos preñados de lágrimas*. ¡Hai que ver que horterada!

Outra das palabras que non se podía citar en sociedade era o verbo *mear* e había que sustituilo por *hacer aguas menores* ou *orinar*.

Verbo disto conta Camilo José Cela que nun convento de monxes rezábbase tódolos días unha certa oración, en latín naturalmente, que acababa coas seguintes palabras: *anima mea*, que quere dicir a miña alma. Pois a abadesa sustituiu a última delas e facíalles dicir *anima orina*.

Cando comezou o uso de tanto eufemismo en toda España, aquí en Galicia quizais que o oitenta ou noventa por cento da poboación vivía en zonas rurais ás que non chegaban as modas e usos das xentes vilegas, que utilizaban maioriamente o idioma castelán. Ademais a xente do agro, como consecuencia do seu contacto coa natureza, tiña que rexitar eses eufemismos, xa que non podía dicir que unha vaca, cando se poñía a mexar, estaba a facer *aguas menores*, sabendo que aquilo parece unha fonte, e que a cocha atópase *en cinta* ou *en estado...* Por iso os rapaces da aldea non se lles pudo dicir nunca que os nenos viñan de París, cansos, como están, de ver nacer os cuños e de mirar como a porca pare os bacoríños.

A máis de non facer a penas uso dos eufemismos, en moitas ocasións búscase o efecto contrario, procurando empregar palabras que, pola súa eufonía, traen á mente outras que son malsoantes, inda que estas non teñan sentido no contexto da cantiga ou poesía.

*Se o teu mozo che pide
aquele conto,
e ó pidircho che fai
xuramento.
Non llo deas, nena,
non llo deas,
que o xurar o leva
o vento.*

*E tí telo, telo,
non o queres dar,
e despóis de vella
halo de salar.*

*Túa nai e maila miña
van xuntas de romaría;
a miña viña borracha,
a túa xa non se tiña.*

*Marica non ten pandeiro
e non vai de romaría,
mercar, mercar, mercarallo
mercarallo a súa filla.
Marica xa ten pandeiro
e xa vai de romaría,
como non sabe tocalo
tocarallo a súa filla.
Como non sabe tocalo
Marica vende o pandeiro,
mercar, mercar, mercarallo
o que pague máis diñeiro.
O pandeiro de Marica
foillo comprar un moinante,
tocar, tocar, tocarallo,
tocarallo ata que aguante.*

*Eu mirar ben te mirei
arrimadiña ó palleiro,
tiñas a gaita na man
imiña Marixiña!
faltaba o gaiteiro.*

*Túa nai non o ten
e teu pai non cho da,
e de onde che ven
e do trailalalá.*

*Marmulaban as miñas veciñas
que eu andaba co crego nas viñas,
e se andaba facía ben
era de noite, non vía ninguén.*

*Comamos, bebamos,
poñámonos gordos
e se chaman por nos
fagamo-los xordos.
E se non ten diñeiro
hai que acadalo,
tocaralle o pandeiro,
iai tocarallo!*

*Abreme a porta, rapaza,
senón entro polas tellas;
teño un rapaz empezado
e faltanmelle as orellas.*

*Sementeí millo miudo
no nabal dunha rapaza;
téñome de ir desta terra
antes que o millo me naza.*

Tampouco creas, querido lector (se é que algún foi capaz de chegar ata aquí), que toda a poesía popular galega é humorística. O gallego sabe tamén transmitir ós demás outros estados de ánimo, outros sentimientos e outras emocións. Non podía ser menos posuindo unha língua profundamente lírica. Pero cando o fai sáelle dun xeito tenro, doce, mol, inxel, sen dramatismo, fuxindo da traxedia, afastando todo tinte macabro, tétrico ou, como diría certo político, sen acritude. Son moitos os exemplos e poucos os espacios que nos quedan para eles. ¿Queredes un? He ahí. Voilá. Eis:

*Moreniña por te ver
crucei o mar da Marola,
a piques de me perder. ♦*